



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 4 de marzo de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 4 de marzo de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 25/02/2019, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2019/1147

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 4 de marzo de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 4 de marzo de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
CASTROMAN I SL	B36406650	10.340,01	04/03/2019	SÍ
VISUAL PUBLINET SL	B36880094	14.338,50	04/03/2019	SÍ
SEPYMEDICAL SL	B36484822	997,89	04/03/2019	SÍ
RAMONA BRANDAO DIAZ TARANTO	Y5330017B	2.600,00	04/03/2019	SÍ
EMPRESA PEREIRA SL	B36030997	881,00	04/03/2019	SÍ
ASOC. CULTURAL AMENCER	G9415836	225,00	04/03/2019	SÍ
ASOC. CULTURAL ROSALIA DE CASTRO	G36457745	225,00	04/03/2019	SÍ



ASOC. CULTURAL MARAJORA E MEDIA	G94130317	600,00	04/03/2019	SÍ
OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	391,00	04/03/2019	SÍ
MANUEL MIGUENS MARTIÑAN	35467734D	850,00	04/03/2019	SÍ
ASOC. CULTURAL AS MALVEIRAS	G36136679	391,00	04/03/2019	SÍ
AUTOCARES CASTRO CALDELAS	B32235897	605,00	04/03/2019	SÍ
ESPINA Y DELFIN SL	B15026693	47.608,62	04/03/2019	SÍ
CONSTRUC. MIGUEL ANGEL REY	B36560159	10.599,03	04/03/2019	SÍ
COMPAÑIA INDUSTRIALIZADORA BACALAO	B36001899	15.000,00	04/03/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/936

Dáse conta da proposta da Secretaria Xeral con motivo das próximas leccións a celebrar nos vindeiros meses e co fin de repoñer mesas e cadeiras destinadas ás distintas mesas electorais para a realización da correspondente votación, por estar as actuais moi deterioradas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I SL** para o subministro de mesas e cadeiras, por un importe total de 10.340,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.62500.

- 200 cadeiras, por un importe de 5.140,01 €

- 160 mesas, por un importe de 5.200,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1067

Dáse conta da proposta da Área de Comunicación Social en relación coa necesidade de reformulación da web de turismo para adaptala ao deseño “responsive” (WordPress) e ao portal xeral e á App do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Visual Publinet SL** os traballos de “Proxecto Web de Turismo de Vilagarcía”, por un importe total de 14.338,50 € (IVE incluído), de conformidade co orzamento e condicións técnicas presentada, con cargo á partida 432.64000. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1069

Dáse conta do escrito presentado por D. Jacob Ventoso Leiro, en nome do **Colexio San Francisco**, solicitando autorización para celebración do desfile de Entroido do Colexio o día 28 de Febreiro do 2019 en horario de 15:50 a 17:00 aproximadamente, para o que solicitan o uso das Rúas por las que pasa, co seguinte recorrido: saída do colexio pola porta lateral da igrexa parroquial, Praza de España, Rúa Covadonga, Praza de Galicia e Rúa Rey Daviña e a volta sería polo mesmo recorrido a inversa, tamén solicitan os cortes pertinentes do tráfico e o aviso ós garaxes e terrazas para esas horas.

Dáse conta do informe desfavorable da Policía Local, polo que se fai preciso a adaptación do percorrido.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2019/1070

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I SL** para o subministro de 200 conos de sinalización circunstancial, por un importe total de 1.229,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.213. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1071

Dáse conta do escrito presentado por **Sasha Zuklevicius Álvarez**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia os días 27 de febreiro e 1 de marzo de 2019, ás 17:30 horas para levar a cabo unha actividade de danzas urbanas. Dáse conta do informe favorable da Policía Local. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1073

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Olga Teresa Pantoja Vargas**, solicitando a ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 23 de febreiro de 2019, así como a cesión de dúas carpas, 8 mesas e 10 cadeiras, equipo de son, un proxector, etc, para a realización dunha concentración en relación coa recollida de axuda humanitaria para Venezuela. Dáse conta de informe da Policía Local. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que as solicitudes de ocupacións de vía pública deben realizarse cun mínimo de sete días de antelación.

PRP2019/1074

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Sonia Yanth Vanegas Berrio**, en nome do Bar Quid, solicitando autorización para realizar unha barbacoa, o sábado 2 de marzo diante do establecemento de Café Bar situado en Praza Doutor nº 8. Dáse conta do informe favorable da Policía Local. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que con carácter xeral non se autorizan barbacoas na vía pública, excepto en festas tradicionais.

PRP2019/1076

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión e Emerxencias e sendo necesaria a adquisición de material para inmovilización de doentes e pulsioxímetros para medición de osíxeno para os postos de socorrismo das Praias Preguntorio, Campanario e Concha-Compostela, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sepymedical SL** para o subministro de 3 pulsioxímetro de dedo portátil RC800 con medición de saturación e pulso con pantalla LCD e 3 xogos de cinco férulas de vacío de nylon con bolsa de transporte, por un importe total de 997,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 459.213. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1077

Dáse conta de escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade indicando que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 3 do Contencioso



– Administrativo de A Coruña, reclama á Consellería a remisión do expediente administrativo relativo ao recurso contencioso administrativo nº PO 7374/2018 interposto por Enrique Porto Rey contra a desestimación presunta do Xurado de Expropiación de Galicia á reclamación de responsabilidade patrimonial por demora na determinación do xustiprezo da finca nº 26186 tm Vilagarcía de Arousa.

Dado que no citado expediente aparece o Concello de Vilagarcía de Arousa como interesado, realizan emprazamento para que, se é o caso, poida comparecer e personarse nos autos ante o órgano xudicial no prazo de nove días.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1078

Dáse conta do escrito de **Club BTT Castrobikes**, solicitando autorización para celebración dunha “Ruta de BTT” polo Monte Xiabre, o día 28 de abril.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda requirir ao devandito club, a seguinte documentación imprescindible para poder conceder os permisos necesarios para a celebración da ruta:

1.- Deberá aportar o rutómetro.

2.- Autorización dos titulares dos terreos polos que discorra a proba que se entende que non tocará en ningún momento a vía pública.

3.- Deberá presentar póliza de responsabilidade civil e póliza de seguro de sinistros para os participantes na citada actividade.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2019/1100

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 33.306,62 € con cargo á partida 323.48007.

Emprego

PRP2019/961

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o reintegro polo importe de 1.506,85 € correspondente a parte da subvención para realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2018, con motivo da baixa temporal da orientadora laboral.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se faga efectivo o reintegro polo importe citado mediante transferencia bancaria na conta do Tesouro da Xunta de Galicia, especificando “Reintegro subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria – Orientación Laboral. Expte. TR331A/2018/012”

PRP2019/1101

Vista a proposta da Concellería de Promoción, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras do programa de axudas municipais á creación de Empresas no Concello de Vilagarcía de Arousa 2019, por importe de 46.000,00€ con cargo á partida 241.470, cunha



contía máxima por empresa de 2.500,00 € e aprobar a súa publicación no B.O.P., co prazo de presentación de solicitudes seguinte:

- Para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 2 de outubro e o 31 de decembro de 2018, ata o 30 de xullo de 2019.
- Para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de xaneiro e o 1 de outubro de 2019, ata o 30 de outubro de 2019.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2019/1102

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 8 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 2ª relación, figurando no mesmo unha subvención para “Gastos derivados da celebración do II Festival Internacional de Música ClasClas, por un importe de 30.654,58 €, sendo o orzamento total de 31.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1103

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 1 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 1ª relación, figurando no mesmo unha subvención ao Conservatorio Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 18.181,00 € para “gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música”, sendo o orzamento total de 19.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1105

Visto o informe da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación en relación coa proposta de documento a asinar polos participantes no Programa de Novos Valores Internacionais do II Festival Internacional de Música Clasclas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o modelo de documento “Condicións de participación no programa YAP 2019 do II Festival Internacional de Música Clasclas” a asinar polos participantes.

Deberá presentarse valoración de bolsas por parte da Directora do Conservatorio Profesional de Música.

PRP2019/1104

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Fruta a impartir polo frautista Vicent Prats, a celebrar o día 16 de marzo de 2019, na Aula 2.1 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo



PRP2019/1107

Dáse conta de convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Rompetimóns de Carril para a realización de rutas turísticas con embarcación tradicional, polo que a citada Asociación se compromete a realizar gratuitamente 20 travesías marítimas de dúas horas de duración no galeón Illa de Cortegada polo contorno do Arquipélago de Cortegada durante o período estival e o Concello aboará a cantidade de 5.000,00 € pola realización das citadas travesías, con cargo á partida 432.22612.

O citado convenio terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a sinatura do mesmo.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2019/1108

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio e mantemento do CIM, ao abeiro da resolución de data 28 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude da citada subvención para Liña 1 Programa de apoio e mantemento do CIM: Programa de apoio aos postos de dirección apoio psicolóxico e asesoramento xurídico por importe total de 51.363,61 € para o período 01/04/2019 a 31/03/2020.
- Designar a Dona Julia Barbosa Sánchez, que ocupa o posto de Directora do CIM para tarefas de coordinación e comunicación co SXI.
- Financiamento con cargo ós orzamentos desta entidade do custo das acción obxecto da axuda que non resulte financiado polo SGI.
- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

PRP2019/1109

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 3ª relación, figurando no mesmo unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa para o “Programa de Sensibilización, Promoción e Formación para a Igualdade e a Recuperación Persoal dende a Perspectiva de Xénero”, por un importe de 10.500 € , sendo o orzamento total de 12.000,00 €, para as seguintes actividades:

- Obradoiro de Arteterapia para mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Curso de formación ocupacional en Auxiliar de Carnicería e Peixería para mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1110

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Ramona Brandao Dias Taranto**, para a realización dun obradoiro de “Arte e Saúde” dirixido a mulleres especialmente vulnerables, a desenvolver nas instalacións da Escola obradoiro de Vilagarcía, cunha duración de 16 sesións de 2 horas e 16 sesións de titorías, a realizar entre marzo a xuño, por un importe total de 2.600,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22615.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1112

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 3ª relación, figurando no mesmo unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa para o “Proxecto Actívate”, por un importe de 6.000,00 € , sendo o orzamento total de 10.080,00 €. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Consumo

PRP2019/1119

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira SL** para o servizo de dous autobuses para desprazamento de alumnado e profesorado das Escolas de Educación Infantil de Vilagarcía de Arousa (Aralde-Sobrán, Guillán, Solobeira e Vilar-Bamio) co fin de participar no Programa “Cine e Saúde: O Cine como elemento de Prevención”, no Auditorio Municipal, por un importe total de 176,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2019/1120

Vista a solicitude de D. Carlos Vilas Rodríguez, en representación de **Asociación Cultural San José Aldea de Arriba**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San Xosé en Aldea de Arriba (Cea) o vindeiro día 19 de marzo de 2019:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/1121

Vista a solicitude de Dona Alcía Cobreiro Vicente, en representación da **Asociación Cultural Ermita dos Anxos**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na



contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Romaría da Virxe dos Anxos en Trabanca Sardiñeira, os días 4 e 5 de agosto de 2019:

- Actuación da Asociación Coral Rosalía de Castro (4 de agosto) por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/1122

Visto o escrito presentado por D. Roberto Vidal Valtuille, en representación do **Club Xadrez de Fontecarmoa**, solicitando autorización para utilizar o Auditorio Municipal e Praza da Peixería con motivo da celebración do XIII Open McDonalds, evento encadrado dentro do XIV Circuito Galego Promoción de Xadrez organizado pola Federación Galega, o día 26 de outubro de 2019, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizar a utilización do Salón de Actos do Auditorio Municipal e Praza da Peixería durante todo o día, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización das citadas instalacións municipais de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal solicitada.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2019/1123

Dáse conta dos convenios Económico-Cultural entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, para a súa posterior sinatura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a prórroga dos citados convenios para o ano 2019, coa aportación económica a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.48201:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
Circulo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril	G-36026151	1.800,00€	Lourdes Durán Pereira
Centro Cultural e Deportivo Sixto de Solobeira	G-36016038	1.800,00€	Eduardo Oubiña Castro
Asociación Cultural Recreativa Contra Vento e Marea	G-36172260	1.800,00€	Julia Mª Balboa Coello

PRP2019/1124

Vista a solicitude de D. José Antonio Gómez González, en representación de **Ediciones Brisas del Sur**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 15 de marzo de 2018, en horario de 20:00 a 22:00 horas, con motivo da presentación e sinatura dun libro do autor Borja Freire Fernández, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2019/1125

Vista a solicitude de D. Joaquín González Iglesias, en representación de **Vego Supermercados, S.A.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 26 de marzo de 2019, durante todo o día, con motivo da celebración dunha xuntanza con todas/os xefes e diferentes directivos.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70 €
Responsable de Sala	7 Horas (estimativas)	10,20 €	71,40 €
TOTAL			336,10 €

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2019/1126

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 1 de febreiro de 2019 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras Concellos 2019 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 1ª relación, figurando no mesmo unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 32.000,00 € para “Combate Naval 2019”, sendo o orzamento total de 41.198,08 €. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1127

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión dun premio en metálico, por importe de 300,00 €, con cargo á partida 334.48100, a favor de **Asociación Cultural Marajota e Media**, como recoñecemento pola súa traxectoria, dedicación, colaboración, participación e esforzo durante tantos ano pola cultura galega, para manter as costumes e tradicións do noso pobo, entregándose o mesmo o día 2 de marzo, nun acto no Salón de Actos do Fogar do Pescador.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2019/1130

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:



Con data 22 de febreiro de 2019, emítese informe polo enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, onde se fai constar que rede de abastecemento de auga que discorre pola Avda. Doutor Tourón, que ten a consideración de arteria principal, está sufrindo numerosas roturas o que está a ocasionar graves prexuízos aos veciños que non dispoñen do servizo.

Estas continuas roturas a medida que se producen provocan, en cascada, novas avarías que de non solventarse, como indica o informe técnico de forma URXENTE, acabaría afectando a unha gran parte da rede principal de subministro de auga.

A isto debe unirse que a citada canalización discorre pola estrada PO-549 de titularidade autonómica, pola que diariamente circulan centenas de vehículos, polo que de non reparase de forma inminente esta graves avarías, afectarían á calzada coa posibilidade de que poidan producirse fochas ou incluso afundimentos do pavimento e/ou beirarrúas, debidas as contiosas pérdidas de auga, coas gravísimas consecuencias para persoas e bens que poden resultar afectados.

Esta Alcaldía, con data 20 de febreiro de 2019, ditou providencia de incoación do seguinte expediente:

- Expediente N°02/CE/2019 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 47.608,62€.

A través de Memoria-Proposta desta Alcaldía do citado 20 de febreiro, propónse ao Pleno da Corporación, a celebrar o día 28 de febreiro de 2019, a aprobación do financiamento para o novo proxecto de gasto con financiamento afectado e, no caso da súa aprobación dispoñer a exposición ao público do expediente por un período de 15 días.

O que se pretende con este expediente e poder atender ao gasto derivado das obras de emerxencia de substitución da rede xeral de abastecemento na Avda. Doutor Tourón, antes referidas, prevéndose a aplicación da excepción prevista na base nº 10 das BEO 2019 prorrogadas, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

O artigo 120 da LCSP establece que:

“Quando la Administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional, se estará al siguiente régimen excepcional:

a) *El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente de contratación, podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente. En caso de que no exista crédito adecuado y suficiente, una vez adoptado el acuerdo, se procederá a su dotación de conformidad con lo establecido en la Ley General Presupuestaria.*

b) *Si el contrato ha sido celebrado por la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social o demás entidades públicas estatales, se dará cuenta de dichos acuerdos al Consejo de Ministros en el plazo máximo de treinta días.*

c) *El plazo de inicio de la ejecución de las prestaciones no podrá ser superior a un mes, contado desde la adopción del acuerdo previsto en la letra a). Si se excediese este plazo, la contratación de dichas prestaciones requerirá la tramitación de un procedimiento ordinario.*

d) *Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Ley sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación.*

En el supuesto de que el libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizado a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos.



2. Las restantes prestaciones que sean necesarias para completar la actuación acometida por la Administración y que no tengan carácter de emergencia se contratarán con arreglo a la tramitación ordinaria regulada en esta Ley”

Atopámonos, en consecuencia, ante un réxime de contratación que, unicamente pode utilizarse cando se dan determinadas situación marcadas polo Lei e sempre que ademais as mesmas esixan unha resposta inmediata por parte da Administración. Precisamente, por isto, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ven calificando as potestades excepcionais que teñen que caracterizar este procedemento extraordinario como circunstanciais, non bastando con que se produza unha situación de emerxencia, senon que é necesario ademais que a concreta prestación a obter mediante o contrato se de necesidade inaplazable.

En verbas da Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 1987, “non basta coa existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas afrontan, senon que o que ampara a normativa de emerxencia é unha actuación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”

Nese mesmo sentido xa o Alto Tribunal tivo oportunidade, con ocasión da súa sentenza do 7 de abril de 1983, de indicar como o que a normativa de emerxencia amparaba era unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”

Como indica o informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid de 7 de abril de 2010, a ponderación da concorrencia dos feitos determinantes da tramitación de emerxencia é unha cuestión técnica cuxa valoración incube ao órgano de contratación, como así expresou a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado en acordo do 20 de xuño de 2003. No presente caso queda acreditada a existencia dunha situación de emerxencia, presuposto xurídico de aplicación da normativa citada, polo informe do enxeñeiro Sr. González Álvarez onde indica: “polos motivos exposto propoñemos a **URXENTE REPARACIÓN** da devandita rede...”.

Dada a necesidade de realizar as obras citadas de inmediato, sen espera a aprobación definitiva da modificación orzamentaria antedita, que alonxaría a dispoñibilidade de crédito en máis de 1 mes (aprobación inicial polo pleno da Corporación, exposición pública durante 15 días, resolución das alegacións presentadas, no seu caso, e aprobación definitiva), por tratarse dunha tramitación administrativa que se alarga no tempo dada a gravidade dos danos na tubaxe.

A normativa sobre contratación pública, cando concorren as circunstancias previstas para a tramitación de emerxencia, permite que a Administración contrato o necesario sen someterse ás formalidades que esixe a actividade contractual do sector público.

No presente caso, non se prescinde, ao tramitarse o contrato de emerxencia, da obriga da publicidade, por canto de tramitarse o expediente de forma “ordinaria”, tería encaixe como un contrato menor de obras regulado no artigo 118 da LCSP, ao ter un valor estimado inferior aos 40.000,00€ e polo tanto podería adxudicarse de forma directa a un operador económico.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á empresa **Espina y Delfín, S.L.** (B15026693) o contrato de emerxencia denominado “Substitución da rede xeral de abastecemento de auga na Avda. Doutor Tourón”, para acometer os traballos imprescindibles para reparar a rede xeral afectada, por importe de 39.345,97€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.262,65€, o que totaliza un orzamento de adxudicación de 47.608,62€.



Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, de data 28 de decembro de 2018 de aprobación da Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o desenvolvemento do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos Galaico-Romanos da Provincia de Pontevedra, remitida pola Deputación Provincial, na que se acorda:

Primeiro: Modificar a CLÁUSULA SEGUNDA B.1 incluíndo o financiamento, execución, dirección e coordinación de todas as actuacións especificadas no proxecto de intervención arqueolóxica para a consolidación e acondicionamento do xacemento de Aobre (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra). Así como a solicitude dos permisos que sexan necesarios de acordo coa lexislación sectorial vixente.

Segundo. Modificar a CLAUSULA TERCEIRA incluíndo o financiamento para esta actuación nunha contía máxima de setenta mil oitocentos trinta e tres con corenta céntimos de euros (70.833,40 €).

